


Publicidade:



Código Cero

Novas | Versión en español | Versión en portugués | Revista en papel | Top 100 | Nós
 Buscar en Código Cero:

As empresas galegas do sector TIC apostan pola calidade na xestión da súa información

mércoles 1 de outubro do 2008, por [Raquel Noya](#) | [Enviar por e-mail](#) | [RSS](#)

A [Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación de Galicia \(INEO\)](#) vén de anunciar que para o vindeiro 2009, un total de **once empresas galegas do sector TIC obterán o certificado de calidade en sistemas de xestión de seguridade da información** mediante a norma UNE---ISO/IEC 27001: 2005.

Trátase dun número de empresas moi significativo xa que, segundo informou INEO, "*en España tan só hai 25 organizacións acreditadas á mesma*".

Publicada o 15 de outubro do 2005, a ISO/IEC 27001:2005, é unha norma que se concede e se controla a través de auditorías externas e que fai referencia aos requisitos dos sistemas de xestión de seguridade da información nas empresas, recoñecendo o gran valor que esta ten para as mesmas, e garantindo, sobre todo, a súa confidencialidade, corrección e dispoñibilidade.

Na actualidade hai 4.803 organizacións no mundo con certificación acreditada en ISO/IEC 27001:2005, segundo o rexistro internacional de International Register of ISMS Certificates. Xapón encabeza a listaxe dende hai anos, cunhas 2.770 organizacións certificadas con esta norma, seguido da India con 426 e Reino Unido con 368.


A esta cifra sumaranse o vindeiro ano as once empresas galegas que xa iniciaron os trámites para a implantación da norma e a súa posterior certificación. Todas elas pertencen ao sector das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) e forman parte de Ineo; asociación do sector TIC en Galicia que dende hai tres anos ven desenvolvendo **diversos proxectos de promoción, implantación e certificación de calidade entre os seus asociados**.

O obxectivo da implantación das devanditas certificacións de calidade é dotar ao sector TIC galego das ferramentas necesarias para o incremento dos seus niveis de produtividade e de competitividade fronte ao mercado exterior.


Na mesma sección

- [A Federación de Bandas de Música Populares estrea web participativa](#)
- [Facebook péchalles a porta a colectivos neonazis italianos](#)
- [Google leva o recoñecemento de voz ao iPhone](#)

Publicidade:



Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual



Revista en PDF



Descárgaa xa



Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
Rúa Conxo de Arriba 49- 1 C
15706 Santiago de Compostela
Teléfono-fax:981 53 02 68



Premio da Galeguidade 2007
ó Medio de Comunicación



Galardón á Innovación Empresarial
na categoría de Comunicación



Premio EGANET á Mellor Web de
Medios de Comunicación